



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Organización dunha acción formativa sobre formación básica en igualdade para o persoal do Concello de Betanzos.

EXPEDIENTE: 2026/E005/000026

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. No marco das medidas do Plan de Formación do cadro de persoal do Concello de Betanzos, prevese a realización de accións formativas dirixidas ao persoal municipal.

Neste sentido, a Técnica de Igualdade do Concello, Dña. Marta Piñeiro Arca, propón a organización dun curso de formación básica en igualdade, cunha duración de 20 horas e cun enfoque práctico orientado ao ámbito da administración local.

A formación sería impartida pola propia Técnica de Igualdade, polo que non suporía custo económico para o Concello, e permitiría dar cumprimento a unha das actuacións previstas no citado Plan de Formación, ao tempo que se favorece a sensibilización e capacitación do persoal municipal nesta materia.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación mais destacada é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO. O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establecen o dereito de carácter individual dos empregados públicos á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.

SEGUNDO. A realización de accións formativas en materia de igualdade contribúe á capacitación do persoal municipal e favorece a incorporación da perspectiva de xénero no funcionamento da administración local e na prestación dos servizos públicos.

TERCEIRO. Co fin de facilitar a participación do persoal municipal nesta acción formativa e dar cumprimento ás medidas previstas do Plan de Formación do cadro de persoal do Concello de Betanzos, considérase procedente convocar a devandita actividade formativa.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local **RESOLVO:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

PRIMEIRO. Aprobar a realización da actividade formativa denominada “**Formación Básica en Igualdade nas Administracións Públicas**”, cunha duración de 20 horas, dirixida ao persoal do Concello de Betanzos.

SEGUNDO. Convocar a citada actividade formativa, que se desenvolverá segundo as bases que se recollen no anexo.

Betanzos, na data que se reflicte na marxe

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario

Adrián. J Márquez Caramés



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO I

Bases

Primeira. Requisitos dos/das participantes

Persoal funcionario ou laboral do Concello de Betanzos, non se considera persoal da entidade local para os efectos deste plan os cargos electos, persoal bolseiro, alumnado e profesorado de obradoiros de emprego, alumnado de escolas taller, traballadores/as autónomos ou de empresas privadas subcontratadas.

2.1 Solicitudes

As solicitudes presentaranse mediante instancia xeral na sede electrónica do Concello de Betanzos (sede.betanzos.gal).

Tamén poderán presentarse a través de calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En todo caso, as solicitudes realizaranse preferentemente por medios telemáticos.

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles desde a publicación da convocatoria**. Unha vez finalizado o prazo comunicárase ás persoas interesadas a súa admisión na actividade formativa.

As datas concretas de celebración do curso determinaranse unha vez coñecido o número de solicitudes presentadas, co fin de facilitar a organización do mesmo.

As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a súa participación serán automaticamente excluídas da actividade formativa solicitada.

2.2 Asistencia e seguimento da actividade formativa

A asistencia ás sesións da actividade formativa e a puntualidade serán obrigatorias.

Durante o desenvolvemento da actividade realizarase un control de asistencia e puntualidade, podendo establecerse controis extraordinarios.

2.3 Faltas de asistencia

As faltas de asistencia non poderán superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais.

En todo caso, as faltas deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados desde a finalización da actividade.

O incumprimento deste requisito implicará a perda do dereito ao certificado de participación.

2.4 Superación da actividade formativa

Para superar a actividade formativa será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Asistencia ás sesións formativas e puntualidade.
- Participación activa e realización adecuada das actividades propostas pola persoa formadora.

2.5 Certificados

Para a obtención do certificado de aproveitamento o alumnado deberá obter avaliación positiva da persoa formadora, quen emitirá o correspondente informe declarando apto/a ou non apto/a a cada participante.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO II

Ficha da actividade formativa

Código	Título da actividade	Edición	Modalidade	Horas	Datas	Persoa formadora
2026.1	Formación Básica en Igualdade nas Administracións Públicas	1	Presencial	20 horas	A determinar	Técnica de Igualdade

Descrición da actividade:

Acción formativa dirixida ao persoal do Concello de Betanzos orientada a proporcionar coñecementos básicos en materia de igualdade entre mulleres e homes, así como ferramentas prácticas para a incorporación da perspectiva de xénero no ámbito da administración pública local.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

María Barral Varela